XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE PRIMARIA Curso 2009/2010	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	IT`S SCHOOL TIME!!!
IDIOMAS	□ GALEGO □ FRANCÉS □ CASTELÁN □ OUTRAS LINGUAS: X INGLÉS
DESCRITORES A TRABALLAR	– Recoñece e identifica as diferentes persoaxes do conto. – Visualiza, escoita e comprende o conto. – Comunicarse, conversar ou dialogar. – Escoita unha información. – Mostra comprensión mediante resposta física de instruccións básicas. – Nombra e recoñece obxectos pertencentes ao campo semántico de colexio. – Señala obxectos de distintas cores. – Colorea e identifica obxectos segundo as instruccións do profesor. – Conta obxectos e identifica os números. – Distingue entre "happy" e "sad". – Escoita unha canción e expresa as accións que escoita.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	x COMPRENDER: □ comprensión auditiva / □ comprensión lectora x ESCOITAR x FALAR: □ expresión oral / □ interacción oral x LER x ESCRIBIR: □ expresión escrita
OBXECTIVOS	– Recoñecer as principais persoaxes e o vocabulario dun conto. – Saudar e despedirse na lingua extranxeira. – Recoñecer e nomear cores. – Identificar e dicir os números ata o dez. – Identificar e expresar sentimentos mediante a expresión corporal. – Usar diferentes códigos para expresarse e mostrar comprensión oral. – Respetar as normas do funcionamento da clase. – Desenvolver a capacidade de escoita na clase. – Empregar a linguaxe oral de forma cada vez máis axeitada ás diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendido. – Recoñecer accións (stand up, sit down,...).

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

MATERIAIS	- Textos co conto, lápices, folios, tesouras, pegamento, fixo, lápices de cores, flashcards co vocabulario correspondente e diferentes worksheets.
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	Na primeira sesión faise unha introdución das persoaxes do conto empregando flashcards e facendo cos nenos diferentes xogos de memoria e tamén practicando os saúdos e as despedidas. Unha vez que distinguen as persoaxes, repárteselle unha folla de traballo a cada neno na que teñen que seguir os puntos e descubrir de que persoaxe se trata. Na segunda sesión practicaríanse os saúdos ao entrar na clase e posteriormente comenzariamos a contar o conto axudándolles a comprendelo co apoio das flashcards, sons e xestos. Unha vez rematamos de contar o conto os alumnos expresaran as accións que o profesor lle di, entre elas contar obxectos do colexio e identificar e recoñecer cores. Antes de rematar a sesión desediranse das persoaxes do conto, dos seus compañeiros e do profesor. Na terceira sesión os alumnos permanecerán en corro. O profesor contará o conto outra vez e daralle aos alumnos as flashcards do conto desordenadas e a medida que escoitan o conto teñen que ir reconstruindo a historia colacando as flashcards por orden. Posteriormente o profesor repasará cos alumnos as cores e os números e pediralle aos alumnos que señalen os obxectos que el mesmo nombrou, que os traian ao corro, que os separen por grupos e por último que os conten. Na cuarta sesión o profesor introducirá as palabras "happy" e "sad" usando flashcards e animará aos alumnos a mostrar unha expresión triste ou contenta segundo o debuxo que se lle mostre. O profesor tamén lles dará instruccións para que mostren alegría ou tristeza con expresión corporal. Posteriormente o profesor entregaralle a cada alumno unha folla de traballo na que aparecen catro situacións que se comentarán cos alumnos, aos que se lles preguntará se a persoaxe principal do conto estaría contenta ou triste en cada unha desas situacións. Despois daráselle outra folla con catro imaxes da persoaxe principal do conto, dúas nas que está triste, e outras dúas nas que está contenta. Os alumnos terán que recortar esas imaxes e pegalas no folla que se lle deu anteriormente coas catro situacións.
AVALIACIÓN: **Seguimento**	- Ser capaz de comprender o conto en inglés. - Ser capaz de seguir instruccións. - Ser capaz de reproducir oralmente o vocabulario da unidade. - Ser capaz de saludar e despedirse na lingua extranxeira. - Demostrar unha actitude positiva cara o inglés.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	- A totalidade do grupo e con moi bo resultado, xa que resultou moi motivadora e interesante para todos os membros do grupo. Gozaron coa historia e as actividades que se propuxeron. Puxeron moito interés pola súa parte.
IMPACTO PREVISTO	– Con este tipo de actividades o que se pretende é que os alumnos vaian desarrollando a súa compentencia comunicativa.